

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS DESTINADAS A ASOCIACIONS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO TERMO MUNICIPAL DE CULLEREDO

Base 1.- Obxecto e finalidade da convocatoria.

1.1. A finalidade desta convocatoria de subvencións á asociacións e entidades sen ánimo de lucro de Culleredo, en réxime de concorrencia competitiva, é a de promover o desenvolvemento de servizos, programas, proxectos e actividades, levados a cabo entre o 18 de decembro do 2022 ao 31 de decembro de 2024.

1.2. Estas bases convócanse ao abeiro do establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Culleredo, publicado no Bop nº219 do 9 de outubro de 2009.

1.3. O obxecto desta convocatoria é fomentar o desenvolvemento de actividades de utilidade pública ou interese social que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal cullerdense.

1.4. O Concello poderá excluír da concesión as actividades que considere que non serven ás finalidades sinaladas, así como as que promovan, faciliten ou permitan a discriminación de calquera tipo (étnica, social, sexual, ideolóxica, lingüística, etc.) ou sexan incompatibles cos valores de igualdade, libre desenvolvemento da personalidade, laicidade e protección ao medio ambiente.

Base 2.- Importes da convocatoria e aplicación orzamentaria.

2.1. A concesión das subvencións imputarase ás seguintes liñas estratéxicas e aplicacións orzamentarias:

2.1.1 Liña 1: Política social e inclusión:

- Partida orzamentaria: 2312-48900
- Consignación total da liña de subvención: 50.000 €

Subliña subvencionable 1: De promoción de servizos, programas e actividades desenvolvidos por entidades recoñecidas de interese público municipal e habilitadas como prestadoras de servizos sociais.

Consignación da subliña de subvención: 6.000 €

Subliña subvencionable 2: De promoción de servizos, programas e actividades desenvolvidos por entidades recoñecidas como prestadoras de servizos sociais.

Consignación da subliña de subvención: 31.500 €

Subliña subvencionable 3: De promoción de actividades de interese social en materia de igualdade.

Consignación da subliña de subvención: 8.000 €

Subliña subvencionable 4: Axudas e subvencións para o desenvolvemento de actividades de promoción da saúde e da educación sanitaria.

Consignación da subliña de subvención: 4.500 €

2.1.2 Liña 2: Promoción da participación e fomento da comunicación social.

Subvencións a entidades veciñais para actividades e programas de interese xeral que favorezan a dinamización veciñal nos barrios e nas parroquias e para a cobertura dos gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais.

Partida orzamentaria: 9241-48900

Consignación da liña de subvención: 34.000 €

Subliña subvencionable 1: Promoción da dinamización económica. Subvencións e axudas a entidades de carácter comercial ou empresarial que operen no ámbito territorial do Concello de Culleredo.

Consignación da liña de subvención: 1.000 €

2.1.3 Liña 3: Promoción da educación.

Subvencións e axudas ás ANPAS dos centros educativos sustentados con fondos públicos para a realización de accións educativas complementarias ou extraescolares.

Partida orzamentaria: 320-48900

Consignación da liña de subvención: 60.000 €

2.1.4 Liña 4: Promoción da cultura.

Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Culleredo para a organización de actividades culturais e promoción e fomento da cultura.

Partida orzamentaria: 3341-48900

Consignación da liña de subvención: 55.000 €

2.2. O Concello poderá subvencionar ata o 100% das actuacións solicitadas cos límites establecidos na base 6 para cada liña estratéxica.

Base 3.- Requisitos

Poderán optar a estas subvencións as entidades sen fin de lucro que cumpran os requisitos xerais e específicos que se sinalan a continuación.

3.1. Requisitos xerais:

- a. Figurar inscritas no Rexistro municipal de asociacións antes do 31 de decembro de 2023.
- b. Non estar incurso/a en ningún dos supostos aos que se refiren os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- c. Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Culleredo (sempre que estas non estén aprazadas, fracionadas ou que a súa execución estea suspendida).
- d. Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior co Concello de Culleredo, a non ser que lles fose concedida unha prórroga.

3.2. Requisitos específicos da convocatoria:

- a. Para concorrer a Subliña subvencionable 1, a entidade debe de estar recoñecida de interese público municipal (*Regulamento orgánico de participación cidadá de Culleredo, BOP 14 de xaneiro de 2022, artigo 50*).
- b. Para concorrer ás Subliñas subvencionables 1 e 2, a entidade debe figurar inscrita no Rexistro de asociacións prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia no momento da solicitude.

3.3. Para a comprobación ou aclaración dos requisitos específicos poderase solicitar información complementaria ás entidades ou se fose pertinente informe técnico aos servizos municipais, en calquera momento do procedemento.

3.4. A ausencia dos requisitos sinalados nos parágrafos 3.1.b. e 3.1.c serán subsanables antes da concesión, previo requerimento ao efecto.

Base 4.- Solicitudes

4.1. **Lugar e prazo de presentación:** As solicitudes deberán presentarse a través da Sede Electrónica nos modelos normalizados que se inclúen como anexos á presente convocatoria.

O prazo para a solicitude será de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Cada entidade so poderá optar a unha das liñas subvencionables.

4.2. Documentación para a presentación de solicitudes:

a) Fotocopia do CIF da entidade e DNI do/da representante.

b) ANEXOS DE SOLICITUDE:

Anexo I.0.- Solicitude de convocatoria pública de subvencións municipais.

Anexo I.1.- Memoria do servizo, programa, proxecto ou actividade.

Anexo I.2.- Orzamento total do servizo, programa, proxecto ou actividade.

Anexo I.3.- Declaracións responsables.

Anexo I.4.- Certificación do acordo de solicitude da subvención e nomeamento do representante.

Anexo I.5.- Autorizacións ao Concello de Culleredo.

c) Designación de conta bancaria.

d) Documentación específica para acompañar á solicitude na Liña 1: Política social e inclusión
OAs entidades concorrentes á Subliña 1 deberán presentar: Resolución do recoñecemento de entidade de interese público municipal e resolución de inscrición no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS).

As entidades concorrentes á Subliña 2 deberán presentar: Resolución de inscrición no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS).

e) Documentación específica para acompañar á solicitude na Liña 3: Promoción da educación e na Liña 4: Promoción da Cultura, deberán presentar: Certificación do/a secretario/a do número de socios/as a data de 31 de decembro de 2023.

Todos os formularios (anexos) que se adxunten, deben estar asinados dixitalmente polas persoas responsables.

4.3. **Emenda.-** Se a solicitude presentada non reúne toda a documentación esixida, o órgano competente requirirá ao interesado para que emende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude despois da resolución á que se refire o artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento, previo á proposta de resolución, poderáselle requirir á persoa solicitante que achegue a información e a documentación complementaria que se considere convinte para a correcta definición, avaliación e comprobación da subvención presentada. O solicitante tamén poderá presentar por iniciativa propia calquera documentación complementaria que considere de interese para a fase de solicitude e de xustificación da subvención.

Base 5.- Gastos subvencionables

5.1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza do servizo, programa, proxecto ou actividade subvencionada, que se axusten aos conceptos relacionados na solicitude e se realicen no prazo comprendido entre o 18 de decembro do 2022 ao 31 de decembro de 2024.

5.2. Tipoloxía de gastos subvencionables:

a) **Gastos do persoal** necesario para a execución das actuacións previstas. Retribucións totais, incluída a cotización empresarial e a Seguridade Social, para os grupos profesionais nos seus respectivos convenios colectivos.

Así mesmo serán subvencionables as retribucións do persoal contratado en réxime de arrendamento de servizos, modalidade que terá sempre carácter excepcional nos casos en que polas especiais características da actividade non resulte posible a realización polo propio persoal da entidade beneficiaria.

En caso de que as entidades executen os proxectos con persoas voluntarias serán gastos subvencionables as asignacións para gastos de locomoción, manutención e estancias.

Tamén poderán subvencionarse os gastos de formación do persoal que sexan imprescindibles para o desenvolvemento das actividades.

b) **Gastos correntes** vinculados á prestación do servizo, programa ou actividade.

Serán subvencionables: alugueiros de equipamentos ou materiais (carpas, mobiliario...), mantemento de equipamento ofimático ou de son, material de oficina e didáctico, subministracións (incluídos os dos locais utilizados para o desenvolvemento das actividades: auga, luz, gas,...), transportes, pólizas de seguro de responsabilidade civil ou de accidentes en execución de actividades, gastos de comunicación e publicidade (mensaxería, telefonía, redes sociais, webs...), gastos de vestiario...

Nas viaxes, poderán xustificarse gastos de desprazamento, aloxamento e dinamización social, pero nunca de alimentación, debendo constar desagregados ditos conceptos nas facturas que se presenten como xustificantes de gasto.

As facturas xustificativas de gastos de transporte ou desprazamento deben detallar a data de realización e o traxecto realizado.

c) **Gastos de xestión administrativa da entidade:** xestorías, consultorías...

d) **Outros gastos similares** aplicados directamente á organización ou execución das actividades.

e) **Gastos de adquisición de equipamentos** necesarios para o desenvolvemento do servizo, programa ou actividade: equipos informáticos e equipamento auxiliar, equipamento audiovisual, mobiliario, equipamento didáctico ou deportivo, equipamento de apoio ás situacións de dependencia...

5.3. Gastos non subvencionables.

En particular teranse en conta as seguintes regras:

a) En xeral, non se admitirán como gastos as facturas relativas a alimentos e bebidas, agás os produtos típicos das celebracións tradicionais e festivais e romarías de carácter cultural ou folclórico.

b) Non serán subvencionables os intereses debedores das contas bancarias, recargas, sancións administrativas e os gastos de procedementos xurídicos; a excepción do IVE.

5.4. Subcontratación.

a) Enténdese por subcontratación a concertación cun terceiro da execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención.

b) Poderán subcontratarse as actividades que integren os programas subvencionados, sempre

que non exceda do 60% da porcentaxe do importe da actividade subvencionada.

5.5. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministro de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría e asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou á entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non sexa posible promover concorrência na oferta ou se realizara con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán aportarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa.

Base 6.- Normas específicas para as liñas estratéxicas e subliñas subvencionables

6.1. LIÑA ESTRATÉXICA 1: POLÍTICA SOCIAL E INCLUSIÓN

6.1.1. Finalidade da liña estratéxica: Favorecer a autonomía, a protección e a inclusión de persoas e colectivos en situación de dependencia, vulnerabilidade ou risco de desprotección e de exclusión social.

6.1.2. Subliñas subvencionables:

Subliña subvencionable 1: De promoción de servizos, programas e actividades desenvolvidos por entidades recoñecidas de interese público municipal e habilitadas como prestadoras de servizos sociais.

OBXECTIVO XERAL: Esta liña ten como obxectivo o de apoiar as entidades de iniciativa social sen fin de lucro de Culleredo, inscritas no Rexistro municipal de asociacións, que estén recoñecidas de interese público municipal (*Regulamento orgánico de participación cidadá de Culleredo, BOP 14 de xaneiro de 2022, artigo 50*), e inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS. *Decreto 254/2011, do 23 de decembro*).

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES: Serán subvencionables as actividades desenvolvidos en Culleredo por entidades, centros e/ou programas que traballen nas áreas de comunidade, discapacidade, dependencia, familia, migración, inclusión, infancia, maiores e menores.

IMPORTE MÁXIMO A SUBVENCIONAR POR SOLICITANTE: 6.000 €

Subliña subvencionable 2: De promoción de servizos, programas e actividades desenvolvidos por entidades recoñecidas como prestadoras de servizos sociais.

OBXECTIVO XERAL: Esta liña ten como obxectivo o de apoiar ás entidades de iniciativa social sen fin de lucro de Culleredo inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS. *Decreto 254/2011, do 23 de decembro*).

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES: Serán subvencionables as actividades desenvolvidos en Culleredo por entidades, centros e/ou programas que traballen nas áreas de comunidade, discapacidade, dependencia, familia, migración, inclusión, infancia, maiores e menores.

IMPORTE MÁXIMO A SUBVENCIONAR POR SOLICITANTE: 4.500 €

Subliña subvencionable 3: De promoción de actividades de interese social en materia de igualdade.

OBXECTIVOS XERAIS. Esta liña ten como obxectivos os de: contribuír á dinamización asociativa e ao fortalecemento colectivo do movemento asociativo activo pola igualdade no Concello de Culleredo; e deste xeito dar cumprimento ao estipulado na *Lei 13/2008, de Servizos sociais de Galicia*, que no seu artigo 3º sinala como un dos obxectivos do Sistema galego de servizos sociais o de "e) *Proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral*"; e o de apoiar a acción comunitaria do Centro Municipal de información ás mulleres de Culleredo (CIM).

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES: serán subvencionables todas aquelas actividades encadradas nos obxectivos xerais: actividades de promoción da mellora psicofísica da muller, de promoción da igualdade, de sensibilización sobre a igualdade, de prevención da violencia de xénero, de dinamización no ámbito da igualdade...

IMPORTE MÁXIMO A SUBVENCIONAR POR SOLICITANTE: 2.000 €

Subliña subvencionable 4: Axudas e subvencións para o desenvolvemento de actividades de promoción da saúde e da educación sanitaria.

OBXECTIVOS XERAIS: Esta liña ten como obxectivo o de dar cumprimento ao estipulado na

Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, que no seu Título III. "Das competencias do sistema público de saúde de Galicia", Capítulo II "A administración local", o artigo 80 establece que "3.- Os municipios, sen prexuízo das competencias das demais administracións públicas, terán con relación ó obrigado cumprimento das normas e plan sanitarios as seguintes obrigas derivadas das súas competencias: g) O desenvolvemento de programas de promoción da saúde, educación sanitaria e protección de grupos sociais con riscos específicos que se prevexa nos plans de saúde"; ademais de apoiar actividades daquelas entidades que promovan estilos de vida saudables.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES: Serán subvencionables todas aquelas actividades de promoción da saúde e dos hábitos saudables, de formación en saúde,...

IMPORTE MÁXIMO A SUBVENCIONAR POR SOLICITANTE: 2.250 €

6.1.3. Criterios de valoración das solicitudes da LIÑA ESTRATÉXICA 1: Política social e inclusión

	DESCRICIÓN CRITERIOS DE VALORACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA
1	Cobertura da necesidade social do servizo, programa ou actividade en relación cos recursos existentes na zona do seu desenvolvemento.	60
2	Grado de complementariedade do servizo, programa ou actividades cos obxectivos dos servizos sociais comunitarios básicos e específicos.	50
3	Anos de experiencia da entidade na realización de actuacións de similares características.	30
4	Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.	10
5	Uso e fomento da lingua galega.	10

1) Cobertura da necesidade social do servizo, programa ou actividade en relación cos recursos existentes para tal fin no Concello ou na parroquia donde actúan. (Doc: Informe técnico dos servizos sociais municipais)

Alta: Non existen mais entidades con prestacións similares no Concello ou parroquia donde actúan	Media: Existen máis entidades no Concello ou parroquia donde actúan con prestacións similares pero son insuficientes
60 pts	40 pts

2) Grado de complementariedade do servizo, programa ou actividades cos obxectivos dos servizos sociais comunitarios básicos e específicos. (Doc: Informe técnico dos servizos sociais municipais)

Elevado: Complementa aos servizos sociais comunitarios básicos e específicos	Medio: Complementa só a un dos servizos sociais comunitarios, básicos ou específicos	Baixo: Complementa aos servizos sociais comunitarios en momentos moi puntuais
50 pts	30 pts	20 pts

3) Anos de experiencia da entidade na realización de actuacións en Culleredo de similares características no ámbito do benestar e dos servizos sociais comunitarios.

(Doc: Resolución de alta no rexistro municipal de asociacións de Culleredo e no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais no caso da Liña subvencionable 1 e 2)

Máis de 5 anos	De 2 a 5 anos	Ata 2 anos
30 ptos	20 ptos	10 ptos

4) Contempla a promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (Doc: proxecto-memoria presentado)

A actividade proposta promove a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres	A actividade proposta non promove a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres
10 ptos	0 ptos

5) Contempla o uso e fomento da lingua galega (Doc: proxecto-memoria presentado)

A actividade proposta promove o uso e fomento da lingua galega	A actividade proposta non promove o uso e fomento da lingua galega
10 ptos	0 ptos

6.2. LIÑA ESTRATÉXICA 2: PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN E A COMUNICACIÓN SOCIAL

6.2.1. Finalidade da liña estratéxica: Apoiar ás asociacións veciñais, federacións e agrupacións locais no seu obxectivo de contribuír á mellora das condicións de vida, desenvolvemento persoal e comunitario e á convivencia da cidadanía no ámbito dos barrios e parroquias.

6.2.2. Obxectivos xerais:

a) Apoiar ás entidades veciñais co obxecto de potenciar o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral para a colectividade que complementen as ofertadas pola Administración Local no ámbito das súas competencias.

b) Apoiar a consolidación e a continuidade das entidades veciñais e favorecer o seu correcto funcionamento.

6.2.3. Actuacións subvencionables: mantemento do funcionamento das entidades, actuacións de promoción da convivencia veciñal, encontros e festexos locais, dinamización social das parroquias...

6.2.4. Importe máximo a subvencionar por solicitante: 3.000 €

6.2.5. Criterios de valoración das solicitudes

O grao de interese xeral ou sectorial da actividade ou investimento:

ATA 20 PUNTOS.

O grao de coordinación e complementariedade cos programas municipais en cada sector de actividade: ATA 20 PUNTOS.

A súa representatividade no Concello, entendida como número de membros da asociación:

ATA 10 PUNTOS.

Grao de coordinación con outras solicitudes de subvención:

ATA 10 PUNTOS.

Número estimado de beneficiarios, directos e indirectos, tendo en conta a poboación destinataria:

ATA 10 PUNTOS.

A capacidade económica do solicitante e as axudas que reciban doutras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade:

ATA 10 PUNTOS.

O carácter periódico ou permanente das actividade a subvencionar:

ATA 10 PUNTOS.

Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres:

ATA 10 PUNTOS

Uso e fomento da lingua galega:

ATA 10 PUNTOS

6.2.6 Subliña subvencionable 1: Promoción da Dinamización económica.

Finalidade da liña estratéxica: Apoiar as actuacións promovidas por entidades de carácter comercial e empresarial.

Obxectivos xerais: Fomentar actividades que impulsen a dinamización do sector comercial e empresarial de Culleredo.

Actuacións subvencionables: actuacións de promoción do comercio local, de asesoramento ao emprendimento, de apoio ao empresariado, feiras e eventos de dinamización económica e actividades de formación para a cualificación profesional.

Importe máximo a subvencionar por solicitante: 1.000 €

Criterios de valoración das solicitudes

Grao de interese xeral ou sectorial da actividade ou investimento:

ATA 20 PUNTOS.

O grao de coordinación e complementariedade cos programas municipais en cada sector de actividade: ATA 20 PUNTOS.

A súa representatividade no Concello, entendida como número de socios/as da asociación:

ATA 10 PUNTOS.

Número estimado de beneficiarios/as, directos e indirectos, tendo en conta a poboación destinataria:

ATA 20 PUNTOS.

A capacidade económica do solicitante e as axudas que reciban doutras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade:

ATA 10 PUNTOS.

O carácter periódico ou permanente das actividade a subvencionar:

ATA 20 PUNTOS.

Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres:

ATA 10 PUNTOS

Uso e fomento da lingua galega:

ATA 10 PUNTOS

6.3. LIÑA ESTRATÉXICA 3: PROMOCIÓN DA EDUCACIÓN

6.3.1. Finalidade da liña estratéxica: Apoiar ás ANPAS dos centros educativos sustentados con fondos públicos para a realización de accións educativas e/ou extraescolares.

6.3.2. Obxectivos xerais:

a) Potenciar a figura das ANPAS dos centros educativos públicos de Culleredo e apoiar a realización doutras actividades que propicien a participación, a mobilidade e o encontro entre o alumnado.

b) Fomentar actividades complementarias e actividades extraescolares, entendendo a educación como un proceso ao longo da vida.

c) Contribuír á conciliación da vida familiar e laboral propiciando actividades en horarios non lectivos.

6.3.3. Actuacións subvencionables:

a) Actividades extraescolares, dirixidas a todo o alumnado e á comunidade educativa (familias e profesorado) como por exemplo actividades predeportivas, artísticas, científicas, de coñecemento de linguas extranxeiras, do entorno próximo, novas tecnoloxías, de corresponsabilidade, musicais...

b) Servizos de conciliación escolar-familiar-laboral de apoio á comunidade escolar: servizo de coidadores, madrugadores, actividades en períodos non lectivos...

c) Actividades de promoción da cultura e tradicións galegas: baile galego, fomento do uso da lingua, promoción da música tradicional, celebración de datas significativas da nosa cultura (Letras galegas, Samaín, Magosto, Entroido...).

d) Actividades de conmemoración de datas significativas de interese educativo, social ou cultural recollidas no calendario escolar: Nadal, Paz, Constitución, contra a violencia de xénero, coidado do medio ambiente...

e) Actividades de intercambio de tipo educativo entre centros escolares do municipio: encontros intercentros para a realización conxunta de actividades.

f) Actividades de fomento da participación de toda a comunidade educativa con contido lúdico-educativo: actuacións, exhibicións, graduacións, celebracións fin de curso, charlas, conferencias...

g) Actividades de colaboración coa dirección do centro e financiamento dos desprazamentos necesarios para fomentar a participación do alumnado en programas educativos: saídas didácticas a museos ou enclaves significativos, celebración de eventos comunitarios (aniversarios, feiras, romerías...) que teñan como obxectivo o fomento da participación da comunidade educativa e da veciñanza.

6.3.4. Importe máximo a subvencionar por solicitante: 5.000 €

6.3.5. Criterios de valoración das solicitudes

	DESCRICIÓN. CRITERIOS DE VALORACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA
1	Número de actividades presentadas no proxecto e duración das mesmas, sempre e cando se adecúen as especificacións dos apartados 6.3.1, 6.3.2 e 6.3.3	42
2	Actividades executadas acordes coas necesidades sociais da comunidade educativa	8
3	Impacto na comunidade escolar da asociación	25
4	Favorece a participación equitativa de nenos e nenas, a integración de menores con discapacidade e a participación de menores en risco de exclusión.	10
5	Uso e fomento da lingua galega	10

1) Número de actividades presentadas no proxecto e duración das mesmas, sempre e cando se adecúen as especificacións dos apartados 6.3.1, 6.3.2 e 6.3.3

Por cada actividade de duración equivalente ao curso escolar ou tres trimestres	Por cada actividade de duración equivalente a un trimestre	Por cada actividade puntual, de duración non superior a 1 día
2 ptos	1 ptos	0,5 ptos

2) Actividades executadas acordes coas necesidades sociais da comunidade educativa

As actividades favorecen a conciliación familiar.	As actividades teñen contido cultural.	As actividades potencian o coñecemento de diferentes disciplinas deportivas.	Propoñen actividades formativas para nais e pais.
Si: 2 pto Non: 0 ptos	Si: 2 pto Non: 0 ptos	Si: 2 pto Non: 0 ptos	Si: 2 pto Non: 0 ptos

3) Impacto na comunidade escolar da asociación

Por cada socio/a	Participantes nas actividades: media entre o nº participantes e o total de actividades	Porcentaxe de socios/as con respecto á totalidade do alumnado do centro:
0,10 ptos ata un máximo de 15 ptos	ata 5 ptos	-0 e o 25%= 2 ptos -26 ao 50%= 3 ptos -51 ao 75%= 4 ptos - 76 ao 100%= 5 ptos

4) favorecer a participación equitativa de nenos e nenas, a integración de menores con discapacidade e a participación de menores en risco de exclusión.

Terase en conta os datos recollidos por cada actividades: nº de nenos, nº de nenas e nº de persoas con discapacidade e nº de menores en situación social desfavorecida.

Ata 5 ptos

5) Uso e fomento da lingua galega

A actividade proposta promove o uso e fomento da lingua galega
--

10 ptos

A actividade proposta non promove o uso e fomento da lingua galega
--

0 ptos

6.4. LIÑA ESTRATÉXICA 4: PROMOCIÓN DA CULTURA

6.4.1. Finalidade da liña estratéxica: Apoiar, difundir a cultura, en todos os seus ámbitos e dimensións, tanto dende a tradicional como a de vangarda, e en calquera dos seus formatos ou modalidades.

6.4.2. Obxectivos xerais:

a) Apoiar as actividades socioculturais que favorezan o desenvolvemento da comunidade e a interculturalidade.

b) Fomentar a programación anual de entidades que desenvolvan ao longo do ano actividades en calquera modalidade da Cultura.

6.4.3. Actuacións subvencionables:

a) Actividades musicais. Mantemento de grupos de baile e música tradicional galega: actividades dirixidas a toda poboación como por exemplo exhibicións de baile galego, de música instrumental ou vogal galega, docencia para o aprendizaxe de baile, de instrumentos musicais; participación e colaboración na organización de festivais folclóricos, de encontros, de intercambios musicais.

b) Actividades teatrais: mantemento de grupos e entidades asociativas de carácter teatral e musical para a celebración de festivais, encontros e actividades de formación.

c) Actividades de conmemoración de datas significativas de carácter tradicional cultural: celebración das Letras galegas, Samaín, Magosto, Entroido, Nadal, Romerías...

d) Actividades de animación sociocultural relacionadas coa ocupación do tempo libre e outros proxectos ou actividades de especial interese cultural e social nos que estea xustificado o seu financiamento municipal.

e) Actividades de intercambio cultural con outras comunidades.

6.4.4. Importe máximo a subvencionar por solicitante: 5.000 €

6.4.5. Criterios de valoración das solicitudes

	DESCRIPCIÓN CRITERIOS DE VALORACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA
1	Número de actividades presentadas no proxecto sempre, e cando se adecúen as especificacións dos apartados 6.5.1, 6.5.2 e 6.5.3	40
2	Número de socios/as	10
3	Repercusión socio-comunitaria das actividades	20
4	Carácter permanente no tempo	10
5	Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres	10
6	Uso e fomento da lingua galega	10

1) Valorarase o nº de actividades presentadas no proxecto e o seu interese municipal ou extramunicipal

Entre 1 e 5 actividades	Entre 6 e 10 actividades	Máis de 11 actividades
10 pts	20 pts	40 pts

2) Número de socios/as

Entre 10 e 50	De 50 a 100	Máis de 101
3 pts	5 pts	10 pts

3) Repercusión socio comunitaria das actividades

Contempla eventos de ata 50 persoas	Contempla eventos de 51 a 150 participantes	Contempla máis de dous eventos con máis de 151 participantes
5 pts	10 pts	20 pts

4) Caracter permanente no tempo

A actuación ten como obxectivo consolidarse no tempo ou xa está consolidada	A actuación non ten como obxectivo consolidarse no tempo
10 pts	0 pts

5) Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

A actividade proposta promove a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres	A actividade proposta non promove a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres
10 pts	0 pts

6) Uso e fomento da lingua galega

A actividade proposta promove o uso e fomento da lingua galega	A actividade proposta non promove o uso e fomento da lingua galega
10 pts	0 pts

Base 7.- Obrigas das entidades beneficiarias:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade proposta e adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión ou desfrute da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as mesmas actividades para as que se solicita financiación. Esta comunicación deberá efectuarse no momento da solicitude.
- Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que está ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e Facenda.
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables ou rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Facer constar na totalidade da publicidade que realicen da actividade subvencionada, por calquera medio, que a mesma conta coa colaboración co Concello de Culleredo.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei de Subvencións.
- Deberá dispoñer de certificado dixital:

- A propia entidade (certificado de persoa xurídica)
 - Quen ocupe a Presidencia da entidade
 - Quen ocupe a Secretaría da entidade
 - Quen represente a entidade perante o Concello de Culleredo (no caso de ser distinta das dúas anteriores)
- k) Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero nas actuacións. Empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidade de xénero.

Base 8.- Xustificación

8.1. O prazo para a presentación da xustificación rematará o 30 de marzo de 2025.

8.2. As xustificacións deben presentarse a través da Sede Electrónica.

8.3. Todos os formularios (anexos) que se adxunten, deben estar asinados dixitalmente polas persoas responsables.

8.4. O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida. No caso de ter outras subvencións ou ingresos concorrentes coa do Concello para a mesma finalidade, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma de todos os ingresos obtidos para os conceptos subvencionados.

8.5. Considerarase gasto realizado, de acordo co artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas presentes bases. Polo tanto deberá acreditarse que se trata de gastos xa realizados e aboados.

8.6. Documentos que deberán aportarse para a **xustificación**:

a) Certificación da conta bancaria designada, sellada pola entidade bancaria.

b) ANEXOS DE XUSTIFICIÓN:

Anexo II.0.- Impreso de xustificación de subvencións municipais.

Anexo II.1.- Memoria da actuación realizada.

Anexo II.2.- Relación dos gastos realizados.

Anexo II.3.- Declaración doutras axudas ou subvencións.

Anexo II.4.- Proba de cumprimento de obrigas de uso da lingua galega e da linguaxe non sexista e publicidade do financiamento do Concello de Culleredo.

c) Fotocopias das facturas ou outros documentos de valor probatorio con validez no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa.

d) Documentos para acreditar o efectivo pagamento dos gastos xustificandos:

- No caso do pagamentos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.
- No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade.
- No caso de pagos con tarxeta de crédito: resguardo do pago máis extracto da conta da entidade onde se efectuara o cargo.
- Nos supostos de que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados só excepcionalmente (e en ningún caso para gastos de monitorado) se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 € (IVE engadido), e deberá constar na propia factura ou documento equivalente que foi pagado.

8.7. As retribucións a persoal técnico e dos/as monitores/as que teñan relación laboral ou de arrendamento de servizos coa entidade, acreditaranse mediante facturas ou nóminas.

Os gastos correspondentes a voluntariado, conferenciantes ou monitores/as que colaboren coa entidade impartindo algunha actividade, curso, etc, poderán xustificarse presentando un recibo ou minuta. Só se admitirán cando reflecta a correspondente retención do IRPF, e a repercusión do IVE, no seu caso.

No suposto de que a subvención se xustifique con gastos de persoal, a entidade subvencionada deberá ter no seu poder a autorización de cada traballador/a, para a cesión ao Concello de Culleredo dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo. En calquera momento o Concello poderá requirir á entidade a acreditación deste extremo.

Base 9.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN, AVALIACIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

9.1 Órgano de instrucción

a) O instrutor levará a cabo unha fase de preavaliación, na que verificará o cumprimento dos requisitos impostos para adquirir a condición de beneficiario e elaborará informe que se incorporará ao expediente.

b) Se a solicitude e documentación non reúnen os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano instrutor requirirá ao interesado para que a subsane no prazo máximo e improrrogable de 10 días, indicándolle que se non o fixese se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución que será ditada nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

c) Será órgano de instrucción, conforme ao disposto no artigo 4.1 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello:

Para a Liña 1: Xefa de sección de Atención Especializada ou persoa técnica que a substitúa.

Para a Liña 2: Xefe de servizo de Cultura, educación, deportes e participación cidadá ou persoa técnica que a substitúa. Subliña 1: Xefa de servizo de Dinamización, formación e emprego ou persoa técnica que a substitúa.

Para a Liña 3: Xefe de servizo de Cultura, educación, deportes e participación cidadá ou persoa técnica que a substitúa.

Para a Liña 4: Xefe de servizo de Cultura, educación, deportes e participación cidadá ou persoa técnica que a substitúa

En caso de necesidade, o instrutor poderá ser substituído por un funcionario designado pola Concellaría á que estea adscrito funcionalmente o Servizo.

d) O instrutor do procedemento, á vista do informe do órgano colexiado avaliador, formulará proposta de resolución que expresará o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión ou denegación da subvención e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

9.2. Comisión de Avaliación

A avaliación correspóndelle a un órgano colexiado (Comisión de avaliación), no que o/a alcalde/esa ou concelleiro/a en quen delegue ostentará a presidencia. Formará parte da mesma:

Presidenta: Dña Cristina Pardo Portos, Concelleira delegada de Participación cidadá e promoción do deporte

Vogais:

- 4 Funcionarios/as do Concello de Culleredo

Secretario/a:

Técnico/a dalgunha das áreas convocantes de subvencións, con voz e sen voto.

Os/as xefes/as de servizo poderán ser convocados/as ás xuntanzas deste órgano avaliador en calidade de asesores/as, con voz e sen voto.

9.3 Procedemento avaliador:

a) O órgano avaliador emitirá informe de valoración ao instrutor do expediente, no que se concrete o resultado da avaliación efectuada, seguindo os criterios establecidos nesta convocatoria.

b) Resolución:

Competerá, por delegación do Sr Alcalde-presidente da Corporación, á Concelleira de Participación cidadá e promoción do deporte e se motivará de conformidade co disposto nas Bases reguladoras da subvención desta convocatoria, debendo quedar acreditados os fundamentos da mesma.

A resolución ademais de conter a concesión da subvención ao solicitante ou relación de solicitantes, incluírá no seu caso, de xeito expreso, a desestimación do resto das solicitudes.

A resolución sinalará o prazo de 10 días hábiles do que disporán as entidades propostas como beneficiarias para a aceptación da subvención concedida.

9.4. A concesión de subvencións á que se refire esta orde efectuarase en réxime de concorrência competitiva, baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia e igualdade.

9.5. O acordo deberá adoptarse no prazo de tres meses dende a data de publicación desta convocatoria. De non adoptarse resolución expresa neste prazo, entenderase desestimada a solicitude. A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpor os recursos que correspondan.

9.6. A concesión será publicada na Sede electrónica.

9.7. As achegas concedidas ao amparo desta convocatoria son compatibles con outras que poideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, a condición de que o importe total do conxunto das mesmas non supere o custo da actividade ou investimento subvencionado.

9.8. Resolución

A resolución se motivará de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención, debendo quedar acreditados no procedemento, os fundamentos da resolución que se adopte.

A resolución, ademais de conter a concesión da subvención ao solicitante ou relación de solicitantes, incluírá, no seu caso, de xeito expreso, a desestimación do resto das solicitudes.

A resolución do procedemento, que pon fin á vía administrativa, se ditará e notificará no prazo máximo de tres meses dende a data de publicación desta convocatoria, e indicará os recursos procedentes contra a mesma, así como o órgano ante o que interpoñelos, no seu caso.

9.9. Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución:

Os beneficiarios poderán solicitar do órgano concedente, antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade subvencionada, modificacións da resolución da concesión que supoñan ampliación dos prazos fixados, redución do importe concedido ou alteración das accións que se integran na actividade, que serán autorizadas cando traian a súa causa en circunstancias imprevistas ou sexan necesarias para o bo fin da actuación, sempre que non se altere o obxecto ou finalidade da subvención e non se danen dereitos de terceiros. Non se requirirá presentar solicitude por alteracións nos conceptos de presupostos da actividade que teñan carácter estimativo.

O órgano concedente poderá modificar de oficio a resolución de concesión, previa audiencia do interesado e antes da aplicación dos fondos, cando a alteración das condicións tidas en conta para a concesión impidan ou dificulten a consecución do interese público perseguido e non se causen prexuízos económicos ao beneficiario.

A administración aceptará a xustificación que poña de manifesto que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, omitíndose o trámite da autorización administrativa cando puidesen dar lugar á modificación da resolución conforme ao indicado, todo isto sen prexuízo das sancións que puideran corresponderlle conforme á lexislación de subvencións.

Notificada a resolución, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de 10 días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

Base 10.- PAGO

10.1. O pagamento farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras e realizárase, con carácter xeral nun pago único.

10.2. Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación ou perda do dereito ao cobro.

10.3. Emitida a resolución de pagamento, a tesoureiría, preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada pola beneficiaria.

Base 11.- INCUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS

11.1. Transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

11.2. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada e demais responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

11.3. En caso de que non fosen realizadas todas as actividades para as que se concedeu a subvención, efectuarase de oficio unha minoración da cantidade concedida, que será proporcional á diminución do custe das actividades, tomando como base a previsión de gastos que se detallaban na solicitude.

Base 12.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

12.1. A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas. A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará o consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais.

12.2. Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Culleredo coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha finalidade de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

12.3. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Culleredo ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Base 13.- NORMATIVA REGULADORA

A presente convocatoria rexerase, ademais de polas normas expresadas na mesma, pola *Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Culleredo*; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que constitúen lexislación básica do Estado, de acordo co disposto na súa Disposición final 1ª; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en todo o demais; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.